CAPÍTULO PRIMEIRO: NATUREZA

ARTIGO 1: FUNDAMENTO

O Imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real que se establece, con carácter obrigatorio, polos artigos 15.2 e 59.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e regulado de conformidade cos artigos 78 e seguintes, ambos inclusive, de dita disposición:

CAPÍTULO SEGUNDO: FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE

O Imposto sobre actividades económicas grava o exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non en local determinado e se achen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

ARTIGO 3: PROBA DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE

1.- O exercicio habitual dunha actividade gravada con este imposto probarase por calquera medio admitido en dereito e, en particular:

A) Calquera declaración tributaria formulada polo interesado ou polos seus representantes legais.

B) Recoñecemento efectuado polo interesado ou os seus representantes legais en calquera expediente tributario, dilixencias ou actas de inspección.

C) Datos obtidos nos libros ou rexistros de contabilidade levados por toda clase de organismos ou empresas, debidamente certificados polos seus encargados ou pola propia administración.

D) Datos facilitados por toda clase de autoridades por iniciativa propia ou a requirimento da administración tributaria competente.

E) Datos facilitados polas cámaras oficiais, colexios e asociacións profesionais e demais institucións oficialmente recoñecidas, por propia iniciativa ou a requirimento da administración.

2.- En particular, presumirase o exercicio habitual dunha actividade gravada con este imposto desde que a persoa que se propoña exercelo anuncie por circulares, carteis,rótulos, periódicos ou anuncios expostos ó público, ou de calquera outro modo, o exercicio dunha actividade gravada, salvo proba en contra.

CAPÍTULO TERCEIRO: SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 4: CONTRIBUÍNTES

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica propia a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 30 de decembro, xeral tributaria, sempre que realicen, en territorio nacional, calquera das actividades que orixinan o feito impoñible.

CAPÍTULO CUARTO: BENEFICIOS FISCAIS

SECCIÓN I: EXENCIÓNS

ARTIGO 5: EXENCIÓNS

1.- Estarán exentas do imposto, trala solicitude do suxeito pasivo:

A) Os organismos públicos de investigación.

B) Os establecementos de ensino en tódolos seus graos que cumpran calquera das seguintes condicións:1º Que se achen custeados con fondos estatais, autonómicos, locais ou de fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública. 2º Que, carecendo de ánimo de lucro, se achen en réxime de concerto educativo.

C) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistenciais e de emprego, que, para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen.

2.- A solicitude presentarase antes do comezo do devengo do imposto, aportando toda a documentación que resultenecesaria para acreditar cada unha das condicións e requisitos para cumprir.

3.- A exención será outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, tralo informe do servizo de Intervención, e prolongarase até o momento en que deixen de cumprirse as condicións e requisitos que motivaron o seu outorgamento, tendo o suxeito pasivo a obriga de comunicar este feito á administración municipal.

SECCIÓN SEGUNDA: BONIFICACIÓNS

ARTIGO 6: BONIFICACIÓNS POR CREACIÓN DE EMPREGO

1.- Ó abeiro do establecido no artigo 88.2.b) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, obterán unha bonificación no imposto os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementaran o promedio do seu cadro de persoal de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación de dita bonificación, en relación ó período anterior a aquel.

2.- As bonificacións que se aplicarán segundo o incremento do promedio do cadro de persoal de traballadores con contrato de traballo por tempo indefinido serán as seguintes:

a)	Incremento de 1 a 3 traballadores	15%
b)	Incremento de 4 a 6 traballadores	30%
c)	Incremento de 7 traballadores en diante	50%

ARTIGO 7: BONIFICACIÓNS POR APROVEITAMENTO DE ENERXÍAS RENOVABLES

De conformidade co artigo 88.2.c), parágrafo primeiro, do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, obterán unha bonificación do 50% no imposto, os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeración.

ARTIGO 8: PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO

1.-A solicitude presentarase antes do devengo do imposto, aportando toda a documentación que acredite cada unha das condicións e requisitos para cumprir.

2.- A bonificación será outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local e prolongarase:

a) No caso de bonificacións por creación de emprego, durante o exercicio para o que se solicite.

b) No caso de bonificacións por aproveitamento de enerxías renovables, mentres duren as condicións e requisitos que motivaron a súa concesión.

3.- As bonificacións anteriormente sinaladas poderán ser aplicadas simultaneamente.

CAPÍTULO QUINTO: TARIFAS E COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 9: TARIFAS

As tarifas do imposto serán aquelas definidas como talesno Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro,polo que se aproban as tarifas e a instrución do Impostosobre actividades económicas, así como no Real decretolexislativo 1259/1991, do 2 de agosto, polo que se aprobanas tarifas e a instrución do Imposto sobre actividadeseconómicas correspondentes á actividade gandeiraindependente.

ARTIGO 10: COTAS

1.- As cotas contidas nas tarifas clasifícanse en cotasmínimas municipais, cotas provinciais e cotas nacionais,sendo cada unha delas as que, con tales denominacións,aparecen nas tarifas do imposto.

2.- Son cotas mínimas municipais as que, con taldenominación, aparecen especificamente sinaladas nastarifas, sumando, no seu caso, o elemento superficie doslocais nos que se realicen as actividades gravadas, así comocalquera outra que non teña a cualificación expresa, nasreferidas tarifas, de cotas provinciais ou nacionais.

ARTIGO 11: COEFICIENTE DE SITUACIÓN

1.- De conformidade co establecido no artigo 87 do Realdecreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que seaproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendaslocais, recoñécense dúas categorías de rúas para atotalidade do municipio, sendo o coeficiente de situaciónaplicable para cada categoría o que, a continuación, sesinala:

Rúas clasificadas de primeira categoría	1,2
Rúas clasificadas de segunda categoría	1,1

2.- A clasificación das diversas rúas situadas no termomunicipal de Verín efectuarase conforme se sinala no anexoque acompaña a esta Ordenanza fiscal.

3.- No caso de que un local ou instalación que non merezaa consideración de tal, teña acceso a dúas rúas clasificadasde distinta categoría, tributará de acordo coa clasificaciónde categoría máis alta.

4.- Para os efectos de liquidación do imposto, a cota,incrementada pola aplicación do coeficiente de ponderación aque se refire o artigo 86 do Real decreto lexislativo2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundidoda Lei reguladora das facendas locais, multiplicarase polocoeficiente de situación aplicable á categoría das rúas nasque se ache situado o correspondente local ou instalación.

ARTIGO 12: COTAS TRIBUTARIAS

A cota tributaria será o resultado da aplicación dastarifas do imposto, así como os coeficientes e asbonificacións previstos pola Lei e, no seu caso, acordadospor este Concello e regulados nas ordenanzas fiscaisrespectivas.

CAPÍTULO SEXTO: PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

ARTIGO 13: PERÍODO IMPOSITIVO

O período impositivo coincide co ano natural, salvo quese trate de declaracións de alta, en cuxo caso abranguerádende a data do comezo da actividade até o final do anonatural.

ARTIGO 14: DEVENGO

1.- O imposto devengarase o primeiro día do períodoimpositivo. 2.- Ó tratarse de espectáculos, cando as cotas esteanestablecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcesepola realización de cada unha delas, debéndose presentar ascorrespondentes declaracións de alta e baixa.

ARTIGO 15: COTAS IRREDUCIBLES

1.- As cotas serán irreducibles, salvo cando:

a) Nos casos de declaración de alta, o día de comezo daactividade non coincida co ano natural, en cuxo suposto, ascotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestresnaturais que restan para finalizar o ano, incluíndo o día docomezo do exercicio da actividade gravada.

b) Nos casos de declaración de baixa por cese noexercicio da actividade, as cotas

serán rateables portrimestres naturais, excluído aquel trimestre no que seproduza dito cese.

2.- Para os efectos previstos na letra b) do apartadoanterior, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devoluciónda parte da cota correspondente ós trimestres naturais nosque non se exercera a actividade gravada.

3.- Con este fin, os suxeitos pasivos achegarán ásolicitude copia da declaración de baixa tramitada ante aadministración tributaria competente, debéndose tomar comodata de baixa, para o correspondente rateo, a data depresentación da declaración de baixa ante as oficinastributarias respectivas.

4.- Será competente para acordar a devolución de ingresosindebidos que corresponda por cese no exercicio daactividade, a Xunta de Goberno Local.

5.- De conformidade co artigo 9.2 do Real Decreto1041/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o regulamentopolo que se regulan determinados censos tributarios,incluirase como baixa nun determinado trimestre a tódalasdeclaracións de baixa presentadas durante o mes seguinte áfinalización de dito trimestre.

CAPÍTULO SÉTIMO: XESTIÓN TRIBUTARIA

ARTIGO 13: XESTIÓN E COMPETENCIAS

1.- A xestión do imposto axustarase ó establecido nosartigos 90 e 91 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 demarzo, polo que se aproba o Texto refundido da Leireguladora das facendas locais, no Real decreto 243/1995, do17 de febreiro, polo que se ditan normas para a xestión doImposto sobre actividades económicas e se regula adelegación de competencias en materia de xestión censual dedito imposto, así como nas demais normas que a complementenou desenvolvan e, no seu caso, na Ordenanza fiscal xeralque, nesta materia puidese aprobar este Concello.

2.- Corresponderá á administración tributaria do Estado:

a) A formación da matrícula do imposto.

b) A cualificación das actividades

.c) O sinalamento das cotas correspondentes.

d) A xestión censual do tributo, en xeral.

e) A inspección tributaria.

f) O coñecemento de reclamacións que se presenten porrazón de calquera das competencias anteriormente sinaladas.

3.- Corresponderá á administración tributaria desteConcello:

a) A recadación.

b) A concesión e denegación de beneficios fiscais.

c) A realización das liquidacións conducentes ádeterminación das débedas tributarias.

d) A emisión dos instrumentos de cobramento.

e) Resolución de expedientes de devolución de ingresosindebidos.

f) Resolución de recursos que se interpoñan contra osactos anteriormente sinalados.

g) Actuacións para a información e a asistencia ócontribuínte referidas a calquera de entre estas materias.

h) A revisión, en xeral, dos actos ditados en vía dexestión tributaria deste imposto.

4.- O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo dasdelegacións de competencias, convenios de colaboración edemais mecanismos de cooperación establecidos e regulados nanormativa vixente.

CAPÍTULO OITAVO: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 14: RÉXIME SANCIONADOR

En todo o relativo ás infraccións tributarias e as súasdistintas cualificacións, así como á determinación dassancións que, por elas, puidesen corresponder en cada caso,aplicaranse as normas establecidas na Lei 58/2003, do 30 dedecembro, xeral tributaria e nas demais leis do Estadoreguladoras da materia, así como as disposicións ditadas nasúa aplicación e desenvolvemento, en especial o Real decreto1930/1998, do 11 de setembro, polo que se desenvolve oréxime sancionador tributario, o Real decreto 1398/1993, do4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento doprocedemento para o exercicio da potestade sancionadora e asOrdenanzas fiscais xerais que, en materia de infraccións esancións tributarias, puidesen ser aprobadas por esteConcello.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

1.- Para todo o non expresamente regulado na presenteordenanza fiscal, en orde á xestión municipal deste tributo,estarase ó disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Leireguladora das facendas locais, a Lei 58/2003, do 30 dedecembro, xeral tributaria, así como pola restante normativae demais disposicións complementarias e concordantes,ditadas na súa aplicación e desenvolvemento.

2.- Toda referencia feita na presente ordenanza fiscal aleis e demais disposicións estatais ou autonómicasentenderanse efectuadas, igualmente, ás que, no seu caso, assubstitúan ou modifiquen.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As disposicións desta ordenanza fiscal relativas áconcesión ou outorgamento de beneficios fiscais só seránaplicables para os expedientes administrativos cuxatramitación se inicie a partir da entrada en vigor destaordenanza fiscal, quedando expresamente prohibida aretroactividade nesta materia.

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

1.- Queda derrogado o texto da anterior Ordenanza fiscalreguladora do Imposto sobre

actividades económicas, aprobadopolo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria dedata 10 de decembro de 1991 e publicada no Boletín Oficialda provincia de Ourense número 25 de data 31 de xaneiro de1992 2.- Igualmente, quedan derrogadas cantas outras normas oudisposicións que se achen vixentes e que se opoñan ó que, decalquera outro modo, contradigan o disposto na presenteordenanza fiscal.

DISPOSICIÓNS FINAIS

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo díada súa publicación íntegra no BOP de Ourense, permanecendoen vigor até a súa modificación ou derrogación expresas eserá de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2005

ANEXO

INDICE ALFABETICO DE VIAS PUBLICAS

Número de orde	Denominación da vía pública	Categoría
1	Aduana, Rúa	3ª
2	Alameda, Rúa	2ª
3	Alameda, Praza	2ª
4	Amaro Refojo, Rúa	2ª
5	Cabreiroá, Estrada	4ª
6	Caja de Ahorros, Rúa	3ª
7	Campo da Feira	4ª
8	Canella Cega, Rúa	3ª
9	Castelao, Rúa	3ª
10	Castilla, Avenida	2ª
11	Colón, Rúa	2ª
12	Concello, Praza do	2ª
13	Concepción Arenal, Rúa	3ª
14	Constitución, Rúa	2ª
15	Correos, Rúa	2ª
16	Coutos, Camiño Os	4ª
17	Cruz, Rúa	1ª

18	Cuartel, Rúa	3ª
19	Costa, Rúa	4ª
20	Curros Enríquez, Rúa	3ª
21	Deputación, Rúa	1ª
22	Eduardo Pondal, Rúa	4ª
23	Elle, Rúa	3ª
24	Elle, Travesía de	3ª
25	Eloy Luis André, Rúa	3ª
26	Elvira Carrera, Rúa	3ª
27	Espido, Rúa	3ª
28	Espido, Travesía	4ª
29	Flores, Rúa	2ª
30	Fonte do Sapo	4ª
31	Fontenova, Camiño de	4ª
32	Foxo, Rúa O	4ª
33	Galicia, Rúa	1ª
34	García Barbón, Praza	1ª
35	Granxa, Camiño A	4ª
36	Irmáns Fernández Álvarez, Rúa	2ª
37	Irmáns Moreno, Rúa	1ª
38	Juan Guerra Valdés, Rua	2ª
39	Lamas Carvajal, Rúa	3ª
40	Laureano Peláez, Rúa	1ª
41	Laza, Estrada (até Cñº. A Rasela)	2ª
42	Laza, Estrada (desde Cñº. A Rasela até fín do núcleo de Verín)	3ª
43	Lisa, Rúa	1ª
44	Luis Espada, Avenida	1ª
45	Ladairo, Rúa	1ª
46	Marbana, Rúa	3ª
47	Mariano Carrero, Rúa	2ª
48	Maior, Rúa	1ª
49	Maior, Praza	1ª
50	Matadoiro, Rúa	3ª
51	Matadoiro - Elle, Rúa	3ª
52	Mercado Comarcal, Rúa	4ª
53	Mercado Comarcal, Acceso norte	4ª
54	Mercado Comarcal, Acceso leste	4ª
55	Mercé, Rúa	2ª
56	Mercé, Praza	2ª
57	Montemaior, Rúa	1ª
58	Muralla, Rúa	2ª
59	Olivar, Rúa	4ª
60	Ourense, Rúa	2ª
61	Outeiro, Rúa	4ª
62	Otero Pedrayo, Rúa	3ª
63	Pedro González, Rúa	2ª

64	Polideportivo, Rúa	4ª
65	Portugal, Avenida de (desde Avenida Luis Espada até Rúa Aduana)	1ª
66	Portugal, Avenida de (desde Rúa Aduana até Piscinas)	2ª
67	Portugal, Avenida de (desde Piscinas até o final do núcleo de Verín)	3ª
68	Pozo, Rúa	3ª
69	Queizás, Camiño de (zona urbana)	3ª
70	Queizás, Camiño de (zona non urbana)	4ª
71	Rasela, Camiño A	4ª
72	Remedios, Travesía	2ª
73	Río, Camiño do	3ª
74	Río Búbal, Rúa	3ª
75	Río Camba, Rúa	3ª
76	Río Támega, Rúa	3ª
77	Río Mente, Rúa	3ª
78	Rosalía de Castro, Rúa	3ª
79	Santamarina, Rúa José	1ª
80	San Antón, Rúa	3ª
81	San Blas, Rúa	3ª
82	San Félix, Rúa	3ª
83	San Gregorio, Rúa	3ª
84	San Lázaro, Avenida	2ª
85	San Lázaro, Canellón	4ª
86	San Pedro, Rúa	3ª
87	San Roque, Calle	3ª
88	San Rosendo, Rúa	3ª
89	Santiago Apóstolo, Rúa	3ª
90	Santiago Rodríguez, Rúa	2ª
91	Sousas, Avenida de	2ª
92	Sousas, Travesía de	2ª
93	Silvio Santiago, Rúa	3ª
94	Subida a Monterrey, Rúa	4ª
95	Traviesa, Rúa	4ª
96	Vences, Estrada de	4ª
97	Veiga, Travesía A	3ª
98	Vello de Sousas, Camiño	3ª
99	Vello de Fontenova, Camiño	4ª
100	Vicente Risco, Rúa	3ª
101	Viriato, Rúa	3ª
102	Resto rúas de Verín (terreo urbano)	4ª
103	Rúas de Feces de Abaixo (terreo urbano)	3ª
104	Rúas de Pazos (terreo urbano)	3ª
105	Resto de rúas núcleos rurais do municipio (terreo urbano)	4ª

A secretaria O alcalde

Paula María Vázquez Carrasco Emilio González Afonso

DILIXENCIA: para facer constar que a precedente ordenanzafoi publicada integramente no BOP nº 277 de data 01.12.2004 A secretaria Paula María Vázquez Carrasco